



| | | |
|--|--|--|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños | Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25 |  XACOBEO 2010 Galicia |
|--|--|--|

FICHA RESUMO

| | | |
|---------------------------------------|--|-------------------------|
| Ano | 2010 | PE403A 2009/67-1 |
| Entidade | CONFRARÍA DE RIBEIRA | |
| Plan explotación⁽¹⁾ | ALGAS | |
| Réxime⁽²⁾ | RECURSO ESPECÍFICO | |
| Modalidade⁽³⁾ | MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE | |

| | |
|--------------------------------|---|
| Especies | <i>Laminaria spp, Undaria pinnatifida, Ulva spp, Himanthalia elongata, Gelidium sesquipedale e Saccorhiza polyschides</i> |
| Ambito do plan | Laxas, Pías de Castiñeira e Airós e zonas que se determinen na resolución de apertura (ver consideracións) |
| Subzonas de explotación | |

| Participantes no plan de Explotación | | |
|---|--------------|--------------------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Mergulladores con habilitación |
| - | 7 | 14 |
| Ampliación do número de permex⁽⁴⁾ | | |
| | | Non |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Mergulladores con habilitación |
| - | - | - |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | | |
|--|---|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|---|
| Días máximos de extracción | 30 | | | | | | | | | | | |
| Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽³⁾ | Mergullo en apnea e con suministro de aire dende superficie | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |

| Topes de captura ⁽⁶⁾ | | | |
|---------------------------------|-------------|------------------------|---|
| Especies | A pé | Embarcación/día | Mergullador enrolado e a bordo/día |
| Algas (en total) | - | - | 300 kg |

| | |
|-------------------------|--|
| Artes a empregar | mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie |
|-------------------------|--|

| | |
|--------------------------|--|
| Puntos de control | Zonas de traballo e peirao de Ribeira. |
|--------------------------|--|

| | |
|------------------------|---|
| Puntos de venda | Lonxa de Ribeira (vendeduría da confraría na lonxa de Ribeira). |
|------------------------|---|

| Accións a realizar | Épocas probables | | | | | | | | | | | |
|--|------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rexeneración zonas improdutivas | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Extracción semente para resembrar | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| Sementeiras | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

| | | | | | | | | | | | | | | |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|--|
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | | |
| Traslados | | | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | | |
| Rareos | | | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | | |
| Limpezas e arados | | | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | | |
| Outros | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | |

Outras consideracións:

Ámbito do Plan: A zona de traballo incluída no plan está dentro da zona III e subdividida en tres zonas:

- Zona I: Laxas e Pías de Castiñeiras, Airós, illa de Rúa, Xidoiros, Areoso e Pedregoso, Sinal do Maño, Lobeiras e Corbeiro
- Zona II: dende Con de Vieiras ata Pedras do Río, incluíndo a illa de Sálvora e illotes adxacentes, as Forcadiñas, Sagres e Pragueiros
- Zona III: dende o porto de Corrubedo ata río Sieira, incluíndo As Basoñas

Tendo en conta que parte do ámbito do plan está incluído dentro das autorizacións da confraría de Aguiño, en tanto non exista acordo entre as entidades respecto da explotación nestas zonas,, a actividade do plan desenvolverase **unicamente nas Laxas, Pías de Castiñeira e Airós e zona do P.N. Illas Atlánticas (non incluída na autorización da confraría de Aguiño e de acordo coas condicións establecidas polo PN).**

Participantes: Conforme aos datos da Consellería, para o ano 2010 quedarán 7 embarcacións co recurso algas no seu permiso, con 14 mergulladores con habilitación, dado que o propietario da embarcación presentou un escrito de renuncia a renovación desta arte para o ano 2010.

Días máximos de extracción: Tendo en conta que a extracción deste recurso é residual, que unicamente se traballou 3 días no ano 2008, non se aproba a proposta de 100 días de extracción, quedando fixado o máximo en 30 días ao ano. A falla de actividade neste plan, imposibilita que se poda facer un seguimento da evolución tanto das zonas de extracción como da produción das distintas especies obxecto de explotación, de cara a valorar a idoneidade do esforzo proposto neste plan.

Obxectivos do plan: O logro dos obxectivos deste plan dependerá da demanda dos compradores.



Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Réxime sancionador: Se calquera dos participantes neste plan comete unha infracción será sancionado, segundo os feitos e a gravidade, ben en base ó regulamento interno da agrupación, ben segundo os estatutos da confraría. No caso de que incorra nunha infracción das tipificadas na Lei 8/2004 de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo pesqueira de Galicia, elevarase a acta da infracción á Consellería do Mar. Tamén se indica que “por feitos graves como non acatar as normas de seguridade, non respectar as normas de control ou vixilancia ou incumplir o xeito de comercialización”, poderase acordar por parte da confraría a expulsión do infractor do plan de explotación para o vindeiro ano. O plan reflicte que a embarcación sí se podería incluír no plan, pero con outros mergulladores. Lembrar que primeiramente habería que iniciar o procedemento sancionador oportuno, e en todo caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Mergullo: Todo os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Designar as persoas responsables dos puntos de control.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan e os puntos de control dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (25 de novembro de 2009):

Infórmase favorablemente a extracción de algas no Parque Nacional, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Soamente se permite a extracción de algas alóctonas e recoméndase que se centre na recolección de wakame (*Undaria pinnatifida*) e así contribuír a evitar a súa presenza no Parque Nacional xa que é unha especie introducida sen interese ecolóxico para o PN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque.

Que sexa respectado o compromiso de non extraer as seguintes especies de algas que teñen un importante valor ecolóxico: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedle*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus*, *Himanthalia elongata*

Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de mergulladores, nin número de días ao ano como aparece reflectido no plan. Infórmase desfavorablemente o aumento de 8 barcos e 16 tripulantes sobre 7 e 14 do 2009.

Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de máerl.